

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CMINA03	Elaboración de produtos alimentarios	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0148	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA PAULA RODRÍGUEZ GÓMEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa Pescanova España S.L., no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descripción	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	0	0
2	Iniciativa emprendedora. A empresa e o entorno	Espíritu emprendedor. A idea de negocio, innovación e creatividade. A empresa: contorno, cultura empresarial e RSC	7	20
3	O mercado. Plan de marketing. Plan de producción	O mercado: tipos, segmentación. Plan de marketing. Plan de producción	10	20
4	Formas xurídicas. Recursos Humanos	Diferentes fórmulas xurídicas de empresa. Trámites de constitución e posta en marcha. Organización da empresa: departamentos ou áreas	8	20
5	Financiación, contabilidade e xestión da empresa	Fontes de financiamento. Obrigas fiscais e contables. Principais documentos de xestión administrativa e comercial	16	20
6	Plan de empresa	Exposición/ explicación do plan de empresa	12	20

4. Por cada unidad didáctica

4.1.a) Identificación da unidad didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	0

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Iniciativa emprendedora. A empresa e o entorno	7

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícone o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliação
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da industria alimentaria.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa elaboración de produtos alimentarios e describiríronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícáronse, en empresas elaboradoras de produtos alimentarios, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describiríronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa elaboradora de produtos alimentarios, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da industria alimentaria.

4.2.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de elaboración de produtos alimentarios (materiais, tecnoloxía, organización da producción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Contidos

Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.

A actuación das persoas emprendedoras no sector da industria alimentaria.

O risco como factor inherente á actividade emprendedora.

Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.

Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.

Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da elaboración de produtos alimentarios.

A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa elaboradora de produtos alimentarios: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.

Localización da empresa.

A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.

Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O mercado. Plan de marketing. Plan de producción	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describiríronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa elaboradora de produtos alimentarios, e delimitáronse as relacóns de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

4.3.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos disponibles. Externalización de actividades da empresa.
Descripción dos elementos e estratexias do plan de producción e do plan de márketing.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Formas xurídicas. Recursos Humanos	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacóns legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliação

CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.

CA3.5 Diferencioouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.

CA3.6 Identifícaronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.

CA3.7 Identifícaronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.

4.4.e) Contidos

Contidos

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos disponíveis. Externalización de actividades da empresa.

Formas xurídicas das empresas.

Responsabilidade legal do empresariado.

A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.

Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.

Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Financiación, contabilidade e xestión da empresa	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas elaboradoras de produtos alimentarios tendo en conta a súa localización.
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describiríronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa elaboración de produtos alimentarios, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fisc
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa e

4.5.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa elaboradora de produtos alimentarios.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da industria alimentaria.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa elaboradora de produtos alimentarios: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Plan de empresa	12

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da elaboración de produtos alimentarios, que servirá de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.6.e) Contidos

Contidos
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da elaboración de produtos alimentarios.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación****MÍNIMOS EXIXIBLES:**

- Confección dun proxecto empresarial que como mínimo deberá incluír:
 - a) Os obxectivos da empresa e a súa estrutura organizativa,
 - b) Xustificación da localización da empresa.
 - c) Análise da normativa legal aplicable.
 - d) Plan de inversións.
 - e) Plan financeiro.
 - f) Plan de comercialización.
 - g) Rendibilidade do proxecto.
- Identificar os elementos dunha empresa do sector e as funcións básicas que se levan a cabo na mesma.
- Identificar e analizar o contorno xeral e específico dunha PEME, a localización.
- Distinguir a cultura empresarial e a imaxe corporativa dunha PEME do seu sector.
- Identificar a actuación das persoas emprendedoras no sector, valorando o risco o que se expoñen.
- Determinar as ideas emprendedoras.
- Valorar a importancia da iniciativa, co obxecto de recoñecer a súa influencia na creación de novas empresas do sector.
- Distinguir os elementos do marketing-mix e utilizalos na elaboración dun plan de marketing.
- Especificar o grao de responsabilidade legal dos propietarios, segundo as diferentes formas xurídicas de empresa.
- Esquematizar as características legais básicas do empresario individual e as sociedades mercantís. Partindo dun caso práctico, definir a forma xurídica más adecuada explicando vantaxes e inconvenientes.
- Identificar os requisitos mínimos legais esixidos para a constitución da empresa, segundo a súa forma xurídica.
- Enumerar os trámites esixidos pola legislación vixente para a constitución dunha empresa, nomeando ó organismo onde se tramita cada documento, o tempo e forma requiridos.
- Distinguir o tratamento fiscal establecido segundo a forma xurídica de empresa.
- Identificar as vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial, axudas, subvencións para creación dunha empresa do sector.
- Confeccionar organigrama dunha empresa do sector, establecendo as necesidades de persoal.
- Comparar os custos e axudas para diferentes tipos de contratación
- Determinar o custo laboral dun traballador para empresa.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

- Analizar a situación económica dunha empresa a través do estudio do seu balance e das ratios más habituais.
- Interpretar nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto.
- Elaborar un estudo sínxelo de viabilidade económica e financeira dunha PEME do sector para incluílo no plan de empresa.
- Analizar as necesidades de investimento, e as fontes de financiamento dunha PEME do sector.
- A partires dun suposto práctico cumplimentar os documentos relacionados coa compravenda e co cobro e pagamento: contrato, pedido, factura, albará, carta de porte, recibo, cheque, letra de cambio, obriga de pagamento.
- Identificar obrigas fiscais dunha empresa do sector, e o calendario fiscal.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Aplicarase do seguinte xeito:

- Traballo (T): Plan de empresa. Será calificado na escala de 0 a 10, sempre que se entregue ao profesor na data indicada. A cualificación representará o 20% da nota do módulo. Entrégase táboa de valoración ao alumnado ao principio do curso e irase observando a realización ao longo de todo o curso.
- Exames (E), probas escritas, sobre unha ou varias unidades didácticas, a realizar na data indicada para exame. Cualificaranse na escala de 0 a 10, e a cualificación representará o 80% da nota do módulo.

EXAMES:

En cada avaliación realizaranse un ou varios exames escritos. O profesorado indicará con antelación as datas, hora e lugar. Procurarase non modificar as datas, e de ter que facelo o profesor ou profesora avisará na aula cunha antelación non inferior a 48 horas.

Constarán de varias preguntas curtas, tipo test, cuestións de verdadeiro e falso, preguntas longas a desenvolver e realización supostos prácticos. O número de preguntas poderá variar dun a outro exame. Os exames serán calificados sobre 10 puntos e cada pregunta terá o valor que se indique na proba, de non indicarse terán todas o mesmo valor.

** En todo caso, a cualificación mínima para superar cada proba ou traballo será de 5 puntos sobre 10. Cada exame ou traballo deberá indicar o método de valoración e o peso na avaliación.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN:

A cualificación da avaliación farase aplicando a media ponderada dos exames realizados, e tendo en conta o peso de cada UD na Cualificación Final do Módulo.

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO (CF):

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

CF = 0,80E + 0,20T.

Calculo CF = UD2x20%+ UD3x20%+ UD4x20%+ UD5x20%+ UD6x20%

E = cualificación sobre 10 obtida nos exames, segundo media ponderada das notas de todas as avaliacións (aplicadas as % segundo o peso de cada Unidade Didáctica na Cualificación do Módulo).

T é a puntuación media acadada polos traballos: (Plan de empresa).

A cualificación das avaliacións parciais virá dada pola expresión C1, C2 en ensinanzas de réxime ordinario, e C1, C2 e C3 en réxime modular.

** Alumnado con todo o módulo superado: A nota da segunda avaliación (réxime ordinario) e terceira avaliación parcial (réxime modular), calcúlase coa media ponderada das notas de todas as avaliacións, (aplicadas as % segundo o peso de cada Unidade Didáctica na Cualificación do Módulo); xa que segundo a normativa vixente, esta cualificación ten que coincidir coa a da Cualificación Final (CF) do módulo.

** Alumnado con avaliacións pendentes: A nota da última avaliación será sempre < 5 e despois do Exame Final, calcularase a Cualificación Final do Módulo.

NOTAS:

- 1.- Para a superación do módulo, compre ter todas as avaliacións superadas, incluído o Plan de Empresa.
- 2.- Quen teña avaliacións suspensas deberá realizar un Exame Final para a súa recuperación.
- 3.- O alumnado que se observe que non participa no traballo en equipo, non siga a actividade diaria do módulo, ou non asista a clase con regularidade confeccionará individualmente o Plan de Empresa, ademais terá que superar unha proba o suficientemente ampla para demostrar o coñecemento do módulo semellante a proba de Perda do Dereito a Avaliación Continua.
- 4.- As persoas que teñan perdido o dereito de avaliación continua realizarán a Probra Extraordinaria de Perda de Dereito a Avaliación Continua, nas datas que publique a Dirección do CIFP, ademais da entrega do Plan de Empresa.
- 5.- *** Non se calificarán, os traballos presentados despois da data ou data límite de entrega fixada polo profesorado; agás situacións graves e extraordinarias que propoña a Dirección do CIFP.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN:

O profesorado proporá actividades de reforzo ao alumnado en xeral, e especialmente a quen manifieste dificultades para conseguir os obxectivos do módulo, para que podan resolvelas de forma autónoma.

Entre a última avaliación parcial e a avaliación final do módulo deixarase un período destinado á resolución de dúbihdas da materia ou módulo pendente.

Despois do periodo de recuperación, terá lugar o Exáme Final, onde o alumnado terá oportunidade de recuperar as avaliacións pendentes. Haberá que examinarse soamente das unidades didácticas non superadas anteriormente ou do Plan de Empresa. Os criterios de cualificación serán os mesmos que no epígrafe 5.

O alumnado que se observe que non participa no traballo en grupo, non siga a actividade diaria do módulo, ou non asista a clase con regularidade confeccionará individualmente o Plan de Empresa, ademáis o exame consistirá nunha proba o suficientemente ampla para demostrar o coñecemento do módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

1.- Pautas para avaliar aos alumnos con PERDA DE DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA:

Os alumnos que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua. Isto é, cando supere o 10 % de faltas de asistencia, que no módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora son 6 horas.

En tal sentido, as persoas que perderan o dereito á avaliación continua deberá estar pendente dos traballos que obligatoriamente se requiran polo profesorado, así como a realización do Plan de Empresa e dun exame final.

Os instrumentos que se empregarán para avaliar a estes alumnos son:

- Plan de Empresa: (20 % da cualificación). Deberá entregalo cos contidos indicados, anexos e bibliografía. Exporá o Plan de Empresa e responderá as preguntas propostas polo profesorado, sobre contidos, anexos e bibliografía.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

- Proba escrita (80 % da cualificación): O alumnado deberá coñecer as actividades realizadas na aula para o desenvolvemento das unidades didácticas do módulo. De non conseguilas a través da aula virtual, dos delegados ou compañeiros da aula (co que se favorece a integración no grupo), deberá solicitalas ao profesorado. O exame constará de preguntas sobre os contidos de todas as unidades didácticas, do plan de empresa e casos prácticos a resolver con exercicios de cálculo numérico. A proba denominarase Proba Final Extraordinaria e a data será publicada pola Xefatura de Estudos.

Os criterios de avaliación neste caso son:

- Os establecidos para cada unha das unidades didácticas.
- Interese amosada pola aprendizaxe do módulo, individual e en grupo, podendo solicitar atención personalizada en horas de titoría ou tamén por correo electrónico, cando se trate de faltas xustificadas por causas inevitables.

2.- PROBAS FINAIS EXTRAORDINARIAS: (Alumnado coa materia pendente de convocatoria ou curso anterior):

Ao comezo do curso ou do periodo o profesor indicará ao alumnado, que o solicite, como vai ser a proba final, para que este poida elixir o método de estudo máis adecuado.

- PLAN DE EMPRESA: Imprescindible para a superación do módulo. (20 % da cualificación).

Deberá entregalo cos contidos indicados, anexos e bibliografía. Exporá o Plan de Empresa e responderá as preguntas propostas polo profesorado, sobre contidos, anexos e bibliografía.

- PROBA ESCRITA: (80 % da cualificación): O exame constará de preguntas sobre os contidos de todas as unidades didácticas, do plan de empresa e casos prácticos a resolver con exercicios de cálculo numérico. A proba denominarase Proba Final Extraordinaria e indicarase a data oportunamente.

Os criterios de avaliación neste caso son:

- Os establecidos para cada unha das unidades didácticas. O alumnado deberá coñecer as actividades realizadas na aula no desenvolvemento das unidades didácticas do módulo; de non conseguilas a través da aula virtual, dos delegados ou compañeiros da aula (co que se favorece a integración no grupo), deberá solicitalas ao profesorado.
- Interese amosado pola aprendizaxe, podendo solicitar atención en horas de titoría.

ANEXO XIII

MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación será obxecto de seguimento durante o ano académico. Desta forma, modificaranse aqueles aspectos que tras a súa posta en práctica, non sexan adecuados para o alcance dos RA por parte do alumnado.

O seguimento da programación por parte do docente realizarase ao final de cada unidade(ou mensualmente no caso de unidades superiores a esta medida temporal), reflectindo as variacións realizadas respecto á programación orixinal, na aplicación informática disposta pola administración. Estas variacións serán tidas en conta para as programacións dos próximos cursos, tanto para a súa mellora, como para a práctica docente. A maiores, cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, e reflectirá no acta de devandita reunión, o grao de cumprimento con respecto á programación inicial, e a xustificación razonada en caso de desviacións.

A práctica docente será avaliada de formal trimestral e anual, a través dun cuestionario que será entregado ao alumnado e que este respostará de forma anónima. Algun dos aspectos que figuran neste cuestionario, son:

- Desenvolvemento da práctica docente.
- Desenvolvemento das clases.
- Adecuación da esixencia do módulo.
- Clima en clase.
- ...

Por outra banda, serán tidos en consideración os resultados das enquisas que a administración realiza ao alumnado sobre o docente e a súa práctica como tal.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Deben distinguirse tres momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

1. Avaliación inicial, que se realiza ao comezo do curso e ao inicio de cada unidade didáctica.
2. Avaliación formativa ou continua, a levar a cabo ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe.
3. Avaliación final, realizada ao final do curso; será o resultado da suma das valoracións parciais levadas a cabo durante a avaliación continua.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**AVALIACIÓN INICIAL**

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Procedementos para a realización da avaliación inicial:

Ao comezo do curso, a través da ficha persoal do alumno/a, realizarase unha valoración sobre os datos académicos e profesionais que facilite ao profesor.

Nas reunións de titoría analizarase a situación persoal de cada alumno/a, para coordinarse co departamento de Orientación, en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais, e determinar as accións correctoras ou de apoio a levar a cabo.

En cada Unidade Didáctica procurarase facer unha sondaxe inicial para saber o nivel de coñecementos do alumnado respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os métodos, medios didácticos e o tempo a empregar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de "deseño para todos". Para tal efecto, recolle as medidas necesarias para que cada alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo. Adotaranse medidas de reforzo e apoio, procurando que estas non afecten significativamente á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais según establece o decreto 114/2010. A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e ven expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe racional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os aspectos metodolóxicos ás singularidades do alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Tomando en consideración o establecido polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e exames co em-prego do ordenador e ferramentas informáticas.
- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si
- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.
- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgúnsas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

Debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando os distintos bloques de contidos do módulo. Desta maneira, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea á transmisión de coñecementos. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, oa Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algunxs deses valores deberán ser transmitidos de maneira transversal:

-Educación ambiental, relacionada co bloque de contidos de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara a favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

-Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co bloque de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitarei este contido curricular para facer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, non soamente laborais senón tamén domésticos e de tráfico.

-Educación para a Saúde, presente en todo o bloque de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sa e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.

-Igualdade de oportunidades / Rechazo do Sexismo / Multiculturalidade, a igualdade no acceso ao emprego é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal adecuada, ao longo de todo o curso transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias dirixidas ao fomento do espíritu emprendedor.

- Charlas e xornadas sobre emprendemento organizadas polo centro ou por diferentes institucións como o IGAPE ou a Cámara de Comercio, en colaboración co departamento de orientación e información profesional.

- Participación do alumnado nos programas e concursos dirixidos ós alumnos de ciclos superiores que se convoquen durante o curso, como o programa IDEA dentro do Plan Eduemprende (consellería de

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Educación, Cultura e Ordenación Universitaria) e o programa DEpoemprende (Deputación de Pontevedra). A participación nestas actividades dependerá da súa convocatoria e do interés dos alumnos.

- Actividade de coñecemento dos recursos ofertados no centro dentro do Plan Eduemprende
- Cine Forum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesions de avaliación de cada trimestre.

10. Outros apartados

10.1) Comunicación da programación

O profesor do módulo informará ao alumnado matriculado durante as primeiras semanas do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:

1. Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada.
2. Criterios xerais de cualificación e normas básicas.
3. Proceso de recuperación, de se lo caso.
4. Actividades previstas durante o curso escolar.

Unha copia da programación (versión alumnado) quedará exposta e a disposición do alumnado na biblioteca do centro educativo (en formato papel o arquivo informático). Asimismo, estará exposta e a disposición do alumnado na aula virtual do curso.

Esta comunicación realizarase verbalmente, expoñéndoa no aula con todo o grupo. Unha vez finalizada a exposición o alumnado presente asinará a folla de rexistro facilitada polo profesor.

10.2) Plan de empresa

O Plan de Empresa irase confeccionando polo alumnado simultáneamente a impartición das Unidades Didácticas, axustándose as indicacións do profesorado. Ao final de curso compre a presentación do mesmo, onde se valorará a exposición oral, a redacción dos contidos e as fontes ou recursos empregados.